



## **Impacto socioeconómico da Diocese de Santiago de Compostela**

Xosé Antón Rodríguez González  
María Loureiro García  
Fidel Martínez Roger  
Francisco Durán Villa  
Nicolas Aguado Domínguez

## Resumen executivo

### A) OBXECTIVO DO ESTUDO



Impacto  
socioeconómico

- *Este estudo de impactos pretende ser un instrumento que axude a explicar e a entender o papel que está a ter na actualidade a Diocese de Santiago de Compostela (DSC) na sociedade a cal pertence.*

## B) ORGANIZACIÓN DA DIOCESE

### B.1) ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA



Administrativamente, a Arquidiocese de Santiago de Compostela (ASC) organízase en 3 *vicarias episcopais* territoriais: Coruña, Santiago e Pontevedra. Cada vicaria está formada por *zonas pastorais* (13 en total), cada zona pastoral en *arciprestados* (37), e cada arciprestado en *parroquias* (1071), que son a unidade mínima de organización territorial.

*Esquemáticamente a organización é a seguinte:*

*Vicaria  
episcopal A  
Coruña*

- 4 zonas pastorais
- 10 arciprestados

*Vicaria  
episcopal  
Santiago*

- 7 zonas pastorais
- 20 arciprestados

*Vicaria  
episcopal  
Pontevedra*

- 2 zonas pastorais
- 7 arciprestados

## B.2) ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

### *Distribución territorial en 37 arciprestados*



*A presenza da Diocese de Santiago de Compostela en Galicia en termos de concellos:*



78 concellos na provincia da Coruña, o que representa o 84% do total provincial

31 concellos na provincia de Pontevedra, o que representa o 51% do total provincial

Os 109 concellos da Diocese representan o **35%** do total dos concellos de Galicia (313)

## C) PATRIMONIOS E ACTIVIDADES DA DIOCESE

### C.1) PATRIMONIOS

#### Número de bens

- Segundo o Catastro (2020) a Diocese é propietaria de **6.847** bens
- O 71% destes bens están na provincia da Coruña e o 29% restante na de Pontevedra
- O 51% dos bens son rústicos e o 49% restante teñen carácter urbano
- Case o 50% dos bens de carácter urbano dedícanse a uso relixioso e o 96% dos rústicos dedícanse a fins agrarios


#### A superficie dos bens

- Segundo o Catastro (2020) a superficie total das parcelas dos bens da Diocese é de 31.133.540 m<sup>2</sup> o que representa o 0,11% de tódalas parcelas (rústicas e urbanas) de Galicia

#### Valoración dos bens

- O valor catastral dos bens da Diocese é de 300,1 millóns de euros, correspondendo o 93% deste valor aos bens urbanos. Este valor equivale ao 0,30% do valor catastral de tódolos bens (rústicos e urbanos) de Galicia.

## PATRIMONIOS ESPECIAIS VINCULADOS A DIOCESE:



CAMIÑO DE SANTIAGO



CASCO VELLO CIDADE SANTIAGO



CATEDRAL DE SANTIAGO



## C.2) ACTIVIDADES

Actividade celebrativa	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Accións pastorais/asistenciais”</li></ul>
Actividade pastoral	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Accións pastorais/asistenciais”</li></ul>
Actividade educativa	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Aportacións centros de formación”</li></ul>
Actividade evanxelizadora	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Accións pastorais/asistenciais”</li></ul>
Actividade cultural	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Conservación edificios e gastos funcionamento”</li></ul>
Actividade caritativo-asistencial	<ul style="list-style-type: none"><li>• Con asignación orzamentaria na partida “Accións pastorais/asistenciais”</li></ul>



## D) AS CONTAS DA DIOCESE

# As contas da Diocese

- ***Parte dos patrimonios e actividades da Diocese teñen reflexo directo nas partidas de ingresos e gastos da mesma. Pero estes patrimonios e actividades tamén afectan ao entorno da Diocese, de forma indirecta ou inducida, sen ter unha constancia contable específica.***


**Contas de ingresos e gastos consolidadas (Diocese-Cáritas). Ano 2018**

INGRESOS (Recursos)			GASTOS (Emprego dos recursos)		
Concepto	Cantidade	Part.(%)	Concepto	Cantidade	Part.(%)
<b>Contribución voluntaria dos fieis</b>	10.303.935,71	36,73%	Accións pastorais/asistenciais	9.110.320,53	32,48%
<b>Asignación tributaria</b>	7.078.387,92	25,24%	Retribución do clero	4.455.511,45	15,88%
<b>Subvencións AA.PP.</b>	1.188.509,00	4,24%	Retribución do persoal segrar	4.591.970,89	16,37%
<b>Ingresos patrimoniais e outros</b>	2.779.954,52	9,91%	Aportacións centros de formación	533.317,12	1,90%
<b>Outros ingresos correntes</b>	1.997.626,68	7,12%	Conservación edificios e gastos funcionamento	4.933.240,83	17,59%
<b>Ingresos extraordinarios</b>	2.436.779,14	8,69%	Gastos extraordinarios	4.425.502,79	15,78%
<b>Necesidades de financiamento</b>	2.264.670,64	8,07%	Total gastos	28.049.863,61	100,00%
<b>Total ingresos</b>	28.049.863,61	100,00%			


Fonte: Elaboración propia a partir de ASC (2019) e CDSC (2019).

## COMPARACIÓN COA MEDIA DAS DIOCESES ESPAÑOLAS:

### *Reparto porcentual das partidas de ingresos da DSC*




### *Reparto porcentual das partidas de ingresos (Diocesis territoriais españolas)*




*Nota: non inclúe as partidas de Cáritas*

### *Reparto porcentual das partidas de gasto na DSC*



### *Reparto porcentual das partidas de gasto (Dioceses territoriais españolas)*



*Nota: non inclúe as partidas de Cáritas*

## E) METODOLOXÍAS PARA MEDIR OS IMPACTOS DA DIOCESE

### Metodoloxía de Fluxo Social

- É de moi fácil aplicación e ilustra de forma inmediata o impacto social da Diocese
- O impacto calcúlase comparando os gastos da Diocese que poden considerarse investimento social coas axudas públicas recibidas

### Metodoloxía Input-Output

- É a metodoloxía máis utilizada para as análises de impactos económicos. Permite cuantificar os impactos sobre a produción, renda ou emprego debidos aos cambios na demanda final.
- Para o caso da Diocese, permite cuantificar ditos impactos na economía galega debidos a ós seus gastos de consumo


### Metodoloxía Big Data

- Entendemos o Big Data como un conxunto de técnicas e tecnoloxías para o tratamento e almacenamento de datos, en contornas de alto volume, unha variedade de fontes e nas que a velocidade de resposta é crítica.


### Metodoloxía Ecléctica

- Permite cuantificar impactos combinando distintos métodos, fontes de información diversa e resultados xa existentes.
- No procedemento de combinación extraéanse os mellores resultados, buscando a conciliación entre eles, coa finalidade de concretar os impactos definitivos

## F) IMPACTOS



F.1) IMPACTO COMO FLUXO SOCIAL

FLUXO SOCIAL				
Investimento/Axudas= (1,52 Euros)				
Asignación tributaria	7.078.387,92		Accións pastorais/asistenciais	9.110.320,53
Subvencións AA.PP.	1.188.509,00		Aportacións centros de formación	533.317,12
<b>TOTAL AXUDAS=</b>	<b>8.266.896,92</b>		Programas de rehabilitación	2.934.108,35
			<b>TOTAL INVERSTIMENTO SOCIAL=</b>	<b>12.577.746</b>
<b>IMPACTO INMEDIATO:</b> Por cada euro que recibe a Diocese de Santiago de Compostela vía <i>asignación tributaria</i> e <i>subvencións das Administracións Publicas</i> inviste na sociedade 1,52 Euros. Ano 2018				

Os gastos de consumo da Diocese provocan un incremento na demanda final de Galicia, ocasionando varios impactos:

Por cada euro en gastos de consumo xera 1,8 euros de produción na economía galega


Por cada euro en gastos de consumo xera 0,86 euros de Valor Engadido Bruto (VEB) na economía galega

Por cada millón de euros en gastos de consumo xera na economía galega 21,5 postos de traballo.

Por cada posto de traballo directo que xera crea a súa vez 0,60 empregos indirectos e inducidos.



### F.3) IMPACTO DEBIDO ÁS SÚAS ACTIVIDADES



#### F.4) IMPACTO DEBIDO Ó SEU PATRIMONIO

O patrimonio cultural-relixioso da Diocese constitúe un polo de atracción turística para Galicia de primeiro nivel. Os visitantes deste patrimonio xeran un cantidade importante de gastos que ten como mínimo os seguintes impactos na Comunidade galega:

- Por cada euro que gastan os visitantes deste patrimonio xera 1,97 euros de produción na economía galega
- Por cada euro que gastan os visitantes deste patrimonio xera 0,95 euros de Valor Engadido Bruto (VEB) na economía galega
- Por cada millón de euros que gastan os visitantes deste patrimonio xera na economía galega 23,8 postos de traballo.
- Por cada posto de traballo directo que xera a súa vez 0,35 empregos indirectos e inducidos.

## F.5) IMPACTO DEBIDO Á CREAMIÓN DE EMPREGO



## F. 6 IMPACTO PARA CONTRAPESAR EFECTOS COVID-19

Accións da Diocese para contrapesar a pandemia do Covid-19		
Aportacións económicas directas:	Aportacións non económicas:	Cáritas Diocesana e as Cáritas parroquiais:
<ul style="list-style-type: none"><li>- 150.000 € a distintas entidades sociais (Cáritas, Cociñas Económicas de Santiago e Coruña, Comedor Franciscano de Pontevedra, Institución benéfico-social Padre Rubinos)</li><li>- Aportación económica á Cáritas dos sacerdotes diocesáns</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Cesión de distintos espacios (Seminarios Menor e Maior e outros) á entidades públicas para o que fose necesario.</li><li>- Servizos de acompañamento e escoita á quen o precise: xente soa, enfermos, persoal sanitario, xente maior, etc.</li><li>- En materia relixiosa: misas online, catequesis virtuais, contacto dos párrocos por whatsapp, etc. para non deixar de lado as necesidades espirituais da xente</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Mantéñense os comedores sociais</li><li>- Mantéñense os albergues, pisos de acollida, residencias</li><li>- Mantense o Servizo de Atención Primaria</li><li>- Colaboración cos Servizos Sociais municipais</li><li>- Máis de 125.000 € en axudas nos últimos 3 meses</li><li>- Entre marzo e maio: máis de 3.600 consultas telefónicas e 227 presenciais</li><li>- Atención á máis de 3.800 familias e máis de 7.000 persoas</li></ul>

## F. 7 IMPACTO NAS REDES



Dos resultados que se obteñen da análise das contas @DioceseSantiago, @CaritasSdC, @CatedralStgo e da rede social Flickr destacamos o seguinte:

- a) O forte impacto nas redes que ten a Catedral de Santiago e o seu entorno como reclamo turístico de primeiro nivel. Este impacto conséntase no feito de que os arredores da Catedral son os lugares máis fotografados de Santiago de Compostela, e que en torno ao 55% das fotos sacadas nos anos 2019-2020 conteñen ou sitúanse ao carón dun edificio relixioso no *Casco Vello* da cidade de Santiago.
- b) O forte impacto nas redes das actividades desenvolvidas pola Diocese (como os oficios litúrxicos), en especial as que se levan a cabo na súa Catedral. Igualmente se destaca á relevancia dos traballos de conservación e fortalecemento do legado histórico-artístico da propia Catedral.
- c) O forte impacto nas redes da actividade social de Cáritas de Santiago para atender aos máis necesitados e ás persoas en riscos de exclusión social. En especial, destácase as actividades de formación a mulleres e a relevante actividade do seu voluntariado.